

# BOLETÍN DE IGUALDADE

*Publicación mensual da Unidade de Igualdade*



Concerto do grupo Bikini kill, asociado ao movemento Riot Grrrl.

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.  
Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

## Unidade de Igualdade

Edificio Ernestina Otero 1º andar  
Campus universitario  
Vigo-36310  
[igualdade@uvigo.gal](mailto:igualdade@uvigo.gal)  
986 813 419



## CONTIDO

---

AXENDA.....	ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO.
FORMACIÓN.....	4
CONGRESOS E SEMINARIOS .....	4
CONVOCATORIAS .....	4
SUXESTIÓNS .....	5
RECURSOS.....	8
NOVAS DO DUVI.....	12
NOVAS.....	12
DATOS.....	13
FERRAMENTAS DE IGUALDADE .....	15

# XANEIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1	<b>1</b> Ano Novo	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b> Día de Reis	<b>7</b>
2	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>13</b>	<b>14</b>
3	<b>15</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>18</b>	<b>19</b>	<b>20</b>	<b>21</b>
4	<b>22</b>	<b>23</b>	<b>24</b>	<b>25</b>	<b>26</b> San Tomé de Aquino	<b>27</b>	<b>28</b>
5	<b>29</b>	<b>30</b>	<b>31</b>	1	2	3	4

Co inicio do ano presentamos o [#CalendariodeIgualdade](#) 2024, que este ano está dedicado ás masculinidades e leva por título Mundo de homes.

O sistema patriarcal condiciona a vida de todas as persoas. A masculinidade hexemónica provoca unha presión social para axustarse aos estándares impostos, pero non se pode esquecer que esta estrutura está construída por e para o privilexio dos homes. Por iso é importante que eles tomen conciencia deste privilexio e elixan non exercer o poder nas súas relacións.

Durante o 2024 traballaremos sobre as masculinidades, ofrecendo recursos coma as cápsulas sonoras [Feminismo para todo o mundo](#), nas que podedes escutar a trece homes de diferentes ámbitos falando sobre as súas experiencias e a importancia dunha loita común pola igualdade.

Consúltanos á Unidade de Igualdade calquera dúbida ou solicita a nosa axuda e asesoramento. Se nos precisas, contáctanos!

## FORMACIÓN

---

### Capacitación en xénero de ONU Mulleres [+Info](#)

Oferta de cursos en liña para facer cadaquén ao seu ritmo en español, inglés, francés e árabe.

### Saúde internacional das mulleres e dereitos humanos (EN) [+Info](#)

Gender Analytics: Equidade de xénero a través da especialización en deseño inclusivo (EN) [+Info](#)

Visualización do traballo das mulleres: empregando medios artísticos para a xustiza social (EN) [+Info](#)

### Sexuando o lenzo: arte e xénero (EN) [+Info](#)

### Formación en igualdad de género en ciencia 2023 [+Info](#)

A Comisión Mujer y Ciencia da Sociedad Española de Astronomía (SEA) fai públicos os vídeos das primeiras sesións do curso que organizan.

### IV Ciclo de Seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdad (ES) [+Info](#)

Tecnoloxías para cambiar o mundo. Hackfeminismos, redes sociais e tecnopolíticas contra o capitalismo [+Info](#)

Os contidos das sesións están dispoñibles en acceso libre a través de arquivos de audio.

### A vida no centro. Potencia subversiva nas loitas das mulleres en América Latina (ES) [+Info](#)

Os contidos das sesións están dispoñibles en acceso libre a través de arquivos de audio.

## CONGRESOS E SEMINARIOS

---

### IV Congreso Internacional Ciencia, Feminismo e Masculinidades [+Info](#)

O 1 e 2 de marzo en formato 100 % híbrido, presencial e virtual, na Universitat de València.

### European Conference on Politics and Gender: Avanzando cara a unha ciencia política feminista antirracista en Europa [+Info](#)

Organizada por Advancing Political Science, o European Consortium for Political Research na Ghent University do 8 ao 10 de xullo de 2024.

### IV Congreso internacional CreadorAS na educación literaria e intercultural (CICELI) [+Info](#)

Do 11 ao 13 de xullo en Alacante.

## CONVOCATORIAS

---

### IV Congreso Internacional Ciencia, Feminismo e Masculinidades [+Info](#)

2º prazo de envio de comunicacóns ata o 20 de xaneiro.

## Convocatoria de propostas para o IFJP (International Feminist Journal of Politics) [+Info](#)

Aberto o prazo para enviar propostas en lingua inglesa ata o 31 de xaneiro do 2024.

## Asparkía Xénero e creación dixital [+Info](#)

Aberto o período de envio de artigos e reseñas ata o 31 de abril, en español, inglés e catalán.

## Superpoderosas [+Info](#)

Proxecto para aumentar a visibilidade das expertas que convoca a integrantes de sociedades científicas, médicas, universidades ou centros de investigación.

## SUXESTIÓNS



Ilustración de Paula Dacal para un [artigo](#) propio en Pikara. Podedes coñecer máis do seu trabalho [na súa web](#)

«Non cabemos nin física nin simbolicamente neste mundo, e isto exclúenos, violéntanos e dóénos», escribe Magdalena Piñeyro no artigo «No cabemos» para o núm. 11 de Pikara Magazine. Está a falar da gordofobia, a discriminación que sufren as persoas gordas en todos os ámbitos da súa vida: as relacións persoais, o mundo laboral, a educación, a sanidade... As mulleres experimentan especialmente este «non caber» por estar moito más expostas á violencia estética dun canon que difunde unha imaxe de muller pequena, discreta, calada e, en resumo, invisible.

O [falecemento recente](#) de Itziar Castro, actriz e activista, conduciu a un alude de comentarios sobre o seu corpo e a súa saúde nas redes sociais. O feito de que a familia e as achegadas dunha persoa gorda non poidan nin sequera vivir o loito á marxe da violencia deixa ver ata que punto a gordofobia está entretecida no pensamento colectivo. Estes ataques, levados a cabo moitas veces en nome da saúde, obedecen a prexuízos estendidos incluso polo propio sistema sanitario. Non podemos esquecer que o barómetro empregado para medir a masa corporal das persoas, o IMC, só ten en conta o peso e a estatura de cada paciente. Polo tanto, esta ferramenta xa obsoleta non ten en conta todos os parámetros da composición corporal.

Polo tanto, a discriminación cara aos corpos gordos vén da man da misoxinia e do racismo. Isto déixase ver na forma en que medimos o que se considera gordo ou non, pero tamén na forma en que a sociedade reaccioná ante o espazo que ocupa cada persoa. Se, polo feito de ser mulleres, quedamos relegadas a espazos minúsculos (literal e figuradamente) da sociedade, que acontece cando o tamaño dos nosos corpos nos obriga a facernos



Fotografía de Itziar Castro emulando un cadro de Fernando Botero.

extremadamente visibles? Canto nos pode afectar estar sempre no punto de mira por invadir un lugar que, en teoría, non nos corresponde?

Os efectos negativos da gordofobia abranguen o ostracismo, a violencia física, o acoso escolar, o acoso na rúa, a exclusión laboral, o rexeitamento sexo-afectivo, a infrarrepresentación, a violencia estética, a violencia sanitaria, a dificultade para atopar produtos (roupa, calzado ou mesmo mobiliario) axeitados, e os problemas de saúde mental relacionados coa autoimaxe e a relación coa comida. Contra o mito de que os únicos trastornos da conduta alimentaria son a anorexia e a bulimia, e que as persoas que os experimentan están sempre fracas, debemos recordar que o espectro destas enfermidades é moi amplo e que a xente gorda é especialmente susceptible de sufrilas.

Cada vez hai máis persoas e colectivos loitando por acabar co estigma que recae sobre os corpos gordos: pola visibilización da diversidade corporal, polo desartellamento da cultura da dieta, por que «gorda» deixe de ser un insulto... Nestas datas, a cultura da dieta está más presente que nunca debido ao papel central da comida nas festas, os comentarios sobre o peso nos encontros familiares e as resolucións de Fin de Ano relacionadas con baixar de peso. Por iso queremos aproveitar esta publicación para dar a coñecer algúns recursos, creacións, proxectos e activistas contra a gordofobia.



*Lo único que verdaderamente quise toda la vida es ser delgada* é unha peza teatral de Esther Carrodeguas, un texto de auto[non]ficción no que explora a relación co propio corpo, marcada pola gordofobia. [+Info](#)

**Outro conto** é un proxecto que combina a oferta gastronómica co activismo contra a gordofobia e a cultura da dieta, promovendo a alimentación intuitiva e o autocoidado. [+Info](#)

**Andrea Nunes** é unha escritora e activista galega. A súa obra poética e ensaística está artellada ao redor do feminismo, a antigordofobia, a loita polos dereitos LGBT+ e a conciencia ecolóxica. As súas publicacións máis recentes son *Esta disidencia que habitamos*, recollida nun volume dobre con poemas de Renée Vivien, e *O cento voando. Amores, alianzas e non monogamias*, unha antoloxía que coordinou xunto con Ánxela Lema. Ademais de dedicarse á literatura, imparte clases e obradoiros.

A *Guía básica sobre a gordofobia*, redactada por Magda Piñeyro e editada polo Instituto Canario de Igualdade (Goberno de Canarias), presenta as bases conceptuais do activismo contra a gordofobia, ademais de algúns recursos útiles para afondar ou educar sobre o tema. Outas publicacións destacadas desta autora imprescindible en canto a activismo gordo son *Stop gordofobia y las panzas subversivas* e *10 gritos contra la gordofobia*. [+Info](#)



Retrato de Andrea Nunes feito por Charo Lopes




**Nadie hablará de nosotras** é un podcast gordo anticapitalista e feminista de Cristina de Tena e Lara Gil. [+Info](#)

Estas dúas amigas xúntanse para compartir experiencias, reflexionar sobre a gordofobia desde unha perspectiva interseccional e falar con humor do que implica vivir nesta sociedade como persoa gorda. Ademais do podcast, Cristina e Lara teñen un *show musical* co mesmo nome.

O **Komando Gordix** é un grupo de activistas de Barcelona contra a gordofobia. Na súa páxina web, ademais de anuncios sobre próximos eventos, podedes atopar unha “fatzinoteca” con textos autopublicados relacionados coa gordofobia e a experiencia gorda. [+Info](#)

**My Mad Fat Diary** é unha serie británica do 2013 baseada no libro *My Fat, Mad Teenage Diary*, de Rae Earl. Conta a historia de Rae, unha adolescente que retoma a súa vida despois de saír dun hospital psiquiátrico e fai novos amigos mentres ten que lidiar coa gordofobia e os problemas de autoimaxe.



Fotograma da película

**Cerdita** é un filme do ano 2022 dirixido por Carlota Pereda e protagonizado por Carla Galán. Neste thriller nacido dunha curta da mesma directora no 2018, Sara presencia o secuestro das dúas rapazas gordófobas que a acosan e ten que decidir se contar o que sabe e salvalas ou non decir nada.

Achégámosvos tamén unha pequena selección de **libros**:

- *Epistemología Rumiente*, Lucrecia Masson (pensare cartoneras, 2017) [+Info](#)
- *La cerda punk. Ensayos desde un feminismo gordo, lésbiko, antikapitalista y antiespecista*, Constanzx Álvarez Castillo (Trío editorial, 2014) [+Info](#)
- *Malena Ballena*, Davide Calì & Sonja Bpugaeva (Libros del Zorro Rojo, 2010) [+Info](#)
- *Cuerpos sin patrones*, antoloxía editada por Laura Contrera e Nicolás Cuello (Madreselva, 2018) [+Info](#)
- *Tienes derecho a permanecer gorda*, Virgie Tovar (Melusina, 2018) [+Info](#)
- *(h)amor gordo*, antoloxía coordinada por Tatiana Romero (Continta me tienes, 2023) [+Info](#)

## RECURSOS

***Gender On Digital. Journal of Digital Feminism*** 1ª edición. Sociedade dixital e nesgos de xénero [+Info](#)

Primeiro número da revista impulsada pola Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo. A publicación terá unha periodicidade anual, e coa finalidade de afondar máis nos temas tratados nos workshops-Hackeando o Patriarcado, cada número da revista abordará a temática de cada unha das edicións.

**Rompendo o teito de cristal: desvelando a representación das mulleres por xénero e raza na xerarquía da educación superior (EN)** [+Info](#)

**O papel do xénero e as coautorías no comportamento das publicacións académicas (EN)** [+Info](#)

A través dun estudo de caso feito en Alemaña, este artigo amosa como en xeral as investigadoras parecen contribuír máis á ciencia aberta, mentres que o seus colegas masculinos céntanse naquelas que lles achegan reputación individual. Estes resultados poden supoñer outra causa para a fenda de xénero académica.

**Sexismo institucional en campañas contra a violencia machista en Galicia: Deconstruindo resistencias narrativas (ES)** [+Info](#)

**Volta a Marx: reflexións sobre a crise feminista na encrucillada do neoliberalismo e do neoconservatismo (EN)** [+Info](#)

**O sexism na academia é malo para a ciencia e un malgasto de fondos públicos (EN)** [+Info](#)

**Repertorio de presentacións do I Congreso internacional Xénero e traballo(s): Encrucilladas para a igualdade en Iberoamérica (TRAGEVIC)** [+Info](#)

**As mulleres no inicio da súa carreira científica realizaron menos investigacións interdisciplinares nas últimas seis décadas: evidencias de teses doutorais (EN)** [+Info](#)

**Revisión xusisprudencial das doenças e patoloxías que sufren as camareiras de piso. Propostas para o seu recoñecemento como enfermidade profesional. (ES)** [+Info](#)

**Aliados do feminismo: personaxes masculinos implicados coas loitas das mulleres (ES)** [+Info](#)

**5ª edición. Sociedade dixital e xénero. Hackeando o patriarcado (GAL)** [+Info](#)

**A outra cara da edición feminina en Galicia: ilustradoras, maquetadoras e tradutoras (GAL)** [+Info](#)

**Guía actualizada para a protección integral fronte condutas contra a libertade sexual e a integridade moral nas pemes (GAL)** [+Info](#)

**Enquisa europea de violencia de xénero 2022 (ES)** [+Info](#)

É a primeira enquisa sobre violencia contra as mulleres que se realiza dentro do marco do Sistema Estatístico Europeo e na que participaron 27 países da Unión Europea. Esta nova fórmula pretende avanzar na harmonización de datos estatísticos a nivel europeo sobre violencia contra as mulleres, en cumprimento do Convenio de Istambul.

**A igualdade de xénero nas institucións de ciencia, tecnoloxía e innovación e de educación superior: avances, reflexións e propostas (ES)** [+Info](#)

Pósters dixitais do simposio que tivo lugar en Bos Aires en setembro do 2023.

**Malabares das carreiras científicas e a vida familiar (EN)** [+Info](#)

Os fitos da carreira adoitan coincidir con grandes eventos vitais. Este recompilatorio de artigos aborda os retos e as tensións de equilibrio entre a vida persoal, familiar e laboral da revista *Nature*.

**Manual de referencia Protocolo para a prevención e a actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo no ámbito laboral (ES)** [+Info](#)

**Asasinatos por razón de xénero de mulleres e nenas (feminicio/femicidio). Estimacións globais dos homicidios de mulleres por parella íntima/familiar en 2022 (EN)** [+Info](#)

**Violencia económica contra as mulleres nas súas relacións de parella ou exparella (ES)** [+Info](#)

**Estudo Violencia de xénero na poboación xitana (ES)** [+Info](#)

**Os homes tamén fan rituais: así se reforza a masculinidade hexemónica cando o reaccionarismo toma as rúas (ES)** [+Info](#)

**O persoal investigador rebelase contra as conferencias de fin de semana (EN)** [+Info](#)

Nais e pais están presionando para que as e os empregadores respecten o tempo familiar e limiten as reunións estritamente ao horario laboral.

**Achegas de persoas mozas en diálogo coa evidencia científica sobre o consentimento sexual (EN)** [+Info](#)

**Geena Davis Institute on Gender in Media (EN)** [+Info](#)

Este centro reúne un importante corpo de investigación sobre a prevalencia de xénero na industria do entretenimento e tamén ofrece caixas de ferramentas para crear contidos STEM con perspectiva de xénero.

**Nesgos de xénero na avaliación do financiamento: un experimento aleatorio (EN)** [+Info](#)

**Terceiro informe do Observatorio de machismo dixital Stop Machitroles (GA)**  
[+Info](#)**Índice de igualdade de xénero 2023 (EN)** [+Info](#)

España alcanza a súa mellor posición, obtendo 76,4 sobre 100 puntos, o que nos sitúa no cuarto lugar, a continuación de Suecia (82,2) , Países Baixos (77,9) e Dinamarca (77,8). Dos seis indicadores dos que se recollen datos no 2023 (cartos, coñecemento, poder, tempo, traballo e saúde), os mellor considerados son saúde, con 91,2 puntos, no sexto posto de países avaliados, e poder, con 81,1 sobre 100, e a terceira mellor puntuación deste apartado.

**Informe de Avaliación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (ES)**  
[+Info](#)**Estudo sobre a evolución da violencia contra as mulleres na infancia e adolescencia (ES)** [+Info](#)

Informe da Fundación Anar con financiamento do Ministerio de Igualdade. O estudo analiza o testemuño de 20.515 nenas e adolescentes que viviron situacions de violencia machista, e que utilizaro o teléfono/chat da asociación nos últimos catro anos. Dispoñible para descarga a través do correo electrónico.

**Patróns de xénero e retención entre o profesorado estadounidense (EN)** [+Info](#)**Os lugares de traballo tóxicos son a principal razón pola que as mulleres abandonan os traballos académicos (EN)** [+Info](#)**Mulleres tecnólogas en España. Informe 2022 (ES)** [+Info](#)**«Xa é suficiente»: abordar o sexismo, o acoso sexual e o abuso de poder no ámbito académico e sanitario español (EN)** [+Info](#)**Xornada de sensibilización en xénero: «Feminismos interseccionais: raza, sexo e xénero na literatura e cultura popular contemporánea»** [+Info](#)**Os muros falaron cando ninguén máis o faría: notas autoetnográficas sobre o control do poder sexual dentro da academia de vanguarda (EN)** [+Info](#)

O libro *Sexual Misconduct in Academia: Informing an Ethics of Care in the University* (2023) foi retirado temporalmente pola editorial Routledge - Taylor & Francis Group polas presións ante a denuncia que se facía neste capítulo dos comportamentos inapropiados dun docente estrela nun centro de investigación, a pesar de que non indicaba nin quen era o profesor nin o centro. Agora, un grupo de académicas ten aberta unha [campaña](#) para recoller posicionamentos fronte a estas prácticas de poder académicas e editoriais.

**Monografías Feministas Cuidados Núm. 2 Setembro de 2023** [+Info](#)

Revista semestral do Instituto de las Mujeres.

## Lei 7/2023 do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia

A lei, que actualiza a normativa galega aprobada no ano 2004, entra en vigor 20 días despois da súa publicación no DOG o 11/12/2023



### DEFINICIÓN DE XÉNERO

Recoñece o xénero como o «conjunto de construcións sociais, educativas e culturais [...] que se asocian ou atribúen de forma diferencial nunha determinada sociedade a mulleres e homes.»



### RECOÑECIMENTO DA INTERSECCIONALIDADE

Ofrece unha clasificación dos diferentes casos de discriminación: por maternidade e por paternidade, polo exercicio dos dereitos de conciliación, por asociación, por erro e discriminación múltiple e interseccional.



### UNIVERSIDADE E INVESTIGACIÓN

Reforza a necesidade da perspectiva de xénero en proxectos de investigación e no sistema universitario que xa avanzara a Lei Ángeles Alvariño no ano 2021.  
Promove potenciar a vocación científica entre as mulleres e avanzar na inclusión da perspectiva de xénero nos plans de estudo.



### CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NA REDE

Prevé a protección contra a difusión de contenido misóxino e a ciberviolencia de xénero, segundo a liña da lei 15/2021 *para a prevención e o tratamiento integral da violencia de xénero*. Fomenta a perspectiva de xénero no traballo dixital.



### CONCILIACIÓN E TELETRABALLO

Recoñece a importancia da conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Promove un uso dos tempos e permisos que a faciliten. Integra a perspectiva de xénero na regulación do teletraballo mediante a implementación de axudas económicas dirixidas ás pemes.

## NOVAS DO DUVI

A catedrática Nieves Lorenzo asume a dirección da Escola de Enxeñería Aeronáutica e do espazo [+Info](#)



Acto de homenaxe á profesora Puri Mayobre

Un libro e unha homenaxe para a profesora xubilada Purificación Mayobre [+Info](#)

Unha publicación recolle de xeito divulgativo as biografías de 18 mulleres destacadas na ciencia e na tecnoloxía [+Info](#)

O grupo dx5 explora o poder comunicativo e simbólico do cabelo ao longo da historia da arte [+Info](#)

atlanTTic pon en marcha un ciclo de xornadas sobre tecnoloxía e igualdade [+Info](#)

As mulleres lideran na UVigo as axudas da Xunta para persoal investigador con traxectoria excelente [+Info](#)

O CIM reta ás súas investigadoras a participar na II edición do concurso de vídeos Marie Tharp [+Info](#)

As experiencias persoais de cinco enxeñeiras marcan o arranque do ciclo ‘Conectando en igualdade’ [+Info](#)

A revista *Gender on Digital* nace para difundir coñecemento científico, crítico e feminista, sobre os riscos éticos da transformación tecnoloxica [+Info](#)

Un proxecto pon en valor as achegas de ilustradoras, maquetadoras e tradutoras á industria editorial en Galicia [+Info](#)

A Unidade de Igualdade amosa no almanaque de 2024 “un mundo de homes” [+Info](#)

A directora do Cintecx, Concepción Paz, recolle o premio María Josefa Wonenburger [+Info](#)



Entrega do premio María Josefa Wonenburger a Concepción Paz; presentación da revista *Gender On Digital* e o calendario de igualdade 2024 Mundo de homes

## NOVAS

---

Raquel Álvarez Martínez e Cristina Pérez Carmuega volven gañar os Premios Sofía Novoa (GA) [+Info](#)

Os galardóns, que recoñecen a inclusión da perspectiva de xénero en traballos universitarios, recaeron tamén en Luisa Silvela e Carmen Caeiro.

A CIG denuncia á Seguridade Social por «vulnerar a intimidade» ao informar as empresas sobre baixas causadas por abortos ou menstruacións (GA) [+Info](#)

As mulleres na medicina e a investigación patriarcal (ES) [+Info](#)

Principais resultados da Presidencia española do Consello da Unión Europea en materia de Igualdade (ES) [+Info](#)

Resumo do Diagnóstico das necesidades que demandan as familias beneficiarias do Fondo de Bolsas Fiscal Soledad Cazorla (ES) [+Info](#)

Sanidade e comunidades aproban un protocolo común para a atención das agresións sexuais en todo o sistema sanitario (ES) [+Info](#)

A educación sexual estancase en España e ten os seus efectos en máis violencia e pornografia (ES) [+Info](#)

Dimite o vicerreitor da UB acusado de acosar a unha estudiante (ES) [+Info](#)

Non sería a primeira vítima en gañar un caso de non ser polo apoio de persoas coma Antonio Madrid (ES) [+Info](#)

Concepción Paz recolle o premio María Josefa Wonenburger (ES) [+Info](#)

A UVigo finaliza a app para mellorar a atención en violencia de xénero (ES) [+Info](#)

Mario López, ex-seleccionador nacional de baloncesto feminino, investigado por agresión sexual a unha menor (ES) [+Info](#)

O estudio de videoxogos Activision Blizzard acepta pagar 50 millóns para pechar o caso contra a súa cultura machista (ES) [+Info](#)

«Hoxe volvíñ soñar contigo, pasabámolo moi ben»: as mensaxes do actual vicerreitor da UB a unha alumna (ES) [+Info](#)

Falece Lola Ferreiro, psiquiatra que denunciou o androcentrismo na medicina (GAL) [+Info](#)

A Cátedra de Feminismos crea unha revista para difundir traballos sobre riscos da dixitalización (ES) [+Info](#)

Leonor Etcheberry: «Os que rexeitan reformar a sociedade conxugal senten que a muller necesita protección, máis que igualdade» (ES) [+Info](#)

O cuarteto de Oxford: as mulleres que desafiaron o machismo na academia e aterraron na filosofía (ES) [+Info](#)

Fin ás expresións sexistas: o Congreso aprobará o uso da linguaxe inclusiva (ES) [+Info](#)

## DATOS

---

**Informe Global de Fenda de Xénero 2023** [+Info](#)

**Observatorio de Igualdade da UVigo 2023** [+Info](#)

**Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España** [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

**Científicas en Cifras 2023** [+Info](#)

**Boletín Estatístico Mensual da Deleg. de Goberno contra a Violencia de Xénero** [+Info](#)

**Observatorio Igualdade Emprego** [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

**Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero** [+Info](#)

**As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN)** [+Info](#)

**Mapeo do teito de cristal das rexións europeas** [+Info](#)

**Institucións sociais e índice de xénero (EN)** [+Info](#)

## FERRAMENTAS DE IGUALDADE

**Recursos contra as violencias machistas da UVigo** [+Info](#)



Imaxe do Punto lila virtual disponible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego e inglés

**Programas de voluntariado de acompañamiento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo** En [Ourense](#) e [Vigo](#).

**CIM- Centros de Información á Mulleres**  
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa Romil núm. 20  
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa Ensino núm. 24  
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza José Martí  
900 119 741 e 986 864 825

**Oficinas de atención á vitima** (nas tres ciudades) [Cita previa](#)

**Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas.** FEGAMP, 2023 [+Info](#)

**APP Galegas con Recursos:** directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

**Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacíons de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de intervención con menores que sufren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES)** [+Info](#)

**Guía de promoción da investigación sensible ao xénero** [+Info](#)

**Guía de actuación fronte á violencia machista** [+Info](#)

**Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista** [+Info](#)

**Información do Estado sobre a violencia vicaria** [+Info](#)

**Rede de mulleres veciñas contra os Malos Tratos** [+Info](#)

Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

**Axuda de pago único e indemnización para mulleres víctimas de violencia de xénero.** [Ano 2023](#)

**Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.** [Ano 2023](#)

**Axudas periódicas para mulleres que sufren violencia de xénero.** [Ano 2023](#)

**Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata.** [Ano 2023](#)

**Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025** [+Info](#)

**Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)

**Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)

